

Actividades para proxectos | Bloque 1 : Presentación e organización de Equipos

Primaria. 9 a 12 anos

O mimo misterioso



Educación Primaria

9 a 12 anos



Nivel

Medio



Temporalización

3-4 sesións



Socios

2-4 socios

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

A actividade pretende romper o xeo ó iniciar un proxecto, que surxan os primeiros contactos entre alumnos por videoconferencia, e que comecen a traballar en equipos internacionais investigando en diversos temas; finalmente interactúan de maneira divertida por videoconferencia utilizando a mímica.

OBXECTIVO DA ACTIVIDADE

1. Presentación entre alumnos e toma de contacto para crear grupos de investigación.
2. Creación de produtos colaborativamente.
3. Investigación sobre contidos do proxecto.
4. Participación en dinámicas de xogo interactuando por videoconferencia.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Fase 1: Preparación



Ordenador con cámara web, altafalantes, micrófono, preferiblemente pizarra dixital, ou canón para poder proxectar

Requisitos: 1 dado de números e 1 dado con temas a investigar.

Paso 1: Organízase unha primeira videoconferencia a través do TwinSpace, para facer grupos internacionais. Cada alumno terá un papel cun número do 1 ó 6. Un profesor lanza o dado de números e outro profesor, doutro centro, ou de temas a investigar segundo a táboa. Así vanse conformando os membros de cada equipo, que se presentarán brevemente ós demais membros do seu grupo, diante da cámara.



Paso 2: Anotamos os membros de cada equipo nunha ficha como esta.

Nome	Equipo 1:	Equipo 2:	Equipo 3:	Equipo 4:
Membros	Alumnos	A miña escola	Tema do Proxecto	Monumentos
Spain	Pablo, Lucía	Juan, Isabel	Carlos, Susana	Pedro, Julia, Teresa
Holland	Van der Sar, Yani, Berg.	Patrick, Annitta,	Ruut, Pim,	Femke, Guerrit.
Turkey	Onur, Murat	Kerem, Eren	Sila, Elma, Zeynep	Ihan, Tarkan, Iskander
Francia	Nicolle, Amelie,	Pierre, Dennis, Paul	Arleth, Noe, Kalet	Noelia, Brandon, Mace

Paso 3: Cada alumno realizará un debuxo de sí mesmo, onde, debaixo do debuxo escribe 4 palabras que estean relacionadas cos seus gustos e intereses, ademais do

seu nome. O equipo 1 coordina que todos os alumnos o fagan e subiran a un muro colaborativo número 1.



Paso 4: Para coordinar o traballo de cada grupo dentro do seu muro colaborativo, os alumnos poñen materiais referentes ós seus respectivos países; en caso necesario, entre os profesores do proxecto poden asignar materiais concretos para que haxa un equilibrio nos contidos, para isto créanse 6 foros en TwinSpace, no que poden escribirse entre os alumnos para coordinar as tarefas a facer nos seus respectivos muros virtuais.



Fase 2: Posta en práctica

Paso 5: Xa temos os 6 muros con información específica e os debuxos de alumnos. Dedicamos unha sesión a coñecer os contidos e posteriormente organizamos unha videoconferencia entre os socios.



Paso 6: O día que se organize a videoconferencia, compartimos as pantallas e ¡A xogar!, o primeiro país lanzará o dado sobre coñecemento das características do outro país (a orde de lanzamento terase predeterminada previamente, quizais por orde alfabética).

Segundo o debuxo que saia (alumnos, comida, monumentos, centro, tema do proxecto, tradicións), o grupo de alumnos que investigou ése tema saen á cámara, primeiro preséntanse ós demais e posteriormente deben representar mímicamente algo relacionado co tema que saíu no sorteo, os alumnos doutros países (ou outro país se só hai outro socio), deben adiviñar a qué se refire ou a quen se fose sobre coñecer a un alumno. Poden axudarse doutro ordenador se fose necesario ver os contidos.

Se nun minuto acertan, gañarán un punto; posteriormente irán rotando na participación o resto de centros.



Paso 7: O xogo continúa ata o tempo que os docentes estimen oportuno, ata que participen todos os alumnos activamente, ou ata que se acabasen os contidos a explicar e representar.

Ó rematar, ó equipo que máis puntos conseguise dedícanlle unha canción que será previamente acordada e practicada. Pode ser o éxito do momento: a canción do verán, a canción de moda ou a gañadora de Eurovisión.

Fase 3: Recollida de datos e promoción.

Paso 8: Para recoller a máxima información da actividade, débense facer fotografías e vídeos da mesma; se a videoconferencia fose creada desde o eTwinning Live, pode ser gravada.

Posteriormente, pódense subir imaxes do proceso ó TwinSpace do proxecto ou realizar unha presentación das mesmas para poñela na páxina creada para a actividade, dentro do TwinSpace. Ademais, ponse algunha foto da actividade realizada no Diario de Proxecto.



PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)

Obteranse materiais con información sobre os alumnos participantes no proxecto, os seus centros e as características dos seus países, recollido todo en diversos muros virtuais. Fotografías e presentacións do desenvolvemento da actividade, tamén unha gravación da videoconferencia, todo isto será enlazado no TwinSpace do proxecto.

FERRAMENTAS DO TWinspace/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

- TwinSpace para compartir fotos, vídeos da actividade e o uso da ferramenta de videoconferencia
- Ferramenta usada para xerar muros colaborativo: Padlet <https://padlet.com/>.
- Outras ferramentas de muros virtuais son el Dotstorming que permite votar as publicacións no muro, e o Linoit que permite marcar con “Post it” .